



# CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE  
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

SEC 2017-15

AXUDAS PARA NACEMENTO OU ADOPCIÓN DE FILLOS E FILLAS

Monterrei, 9 de Febreiro de 2017

## EDICTO

Anuncio de convocatoria pública de axudas por nacemento ou adopción de fillos e fillas no concello de Monterrei durante o exercicio 2017, aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local do 8 de febreiro de 2017:

### BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE AXUDAS POR NACEMENTO OU ADOPCIÓN DE FILLOS E FILLAS NO CONCELLO DE MONTERREI DURANTE O EXERCICIO 2017

#### Primeira. Obxecto e finalidade

É obxecto destas bases é regular as condicións e réxime xurídico para a concesión de subvencións por nacemento de fillo/a, adopción e acollemento no concello de Monterrei.

A finalidade destas axudas é proporcionar apoio económico a aquelas familias nas que se produza o nacemento, adopción ou acollemento dun novo membro da unidade familiar, para contribuír a atender as necesidades extraordinarias que sobreveñen.

Tamén se trata de incentivar o asentamento da poboación no noso concello.

Para a consecución desta finalidade, o Concello de Monterrei dotou crédito polo importe de 2.500,00 € na aplicación orzamentaria 231.480 do seu orzamento para o ano 2017.

#### Segunda. Natureza da axuda

As axudas que se outorguen conforme a este regulamento teñen a natureza de subvención directa, conforme ao establecido no artigo 22.2 c) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de subvencións e nas bases de execución do orzamento vixente.

Cada nacemento ou cada adopción que cumpra os requisitos desta norma será obxecto dunha axuda de 300 €.

O aboamento da citada cantidade efectuarase nun pagamento único cando se resolva favorablemente a súa solicitude e será compatible con calquera outra axuda que se perciba por este motivo, procedente doutras administracións.

#### Terceira. Beneficiarios

Serán beneficiarios das subvencións reguladas nestas bases:



## CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE  
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

1. Os proxenitores, xa sexan casados, parellas de feito ou familias monoparentais que tivesen descendencia no ano 2017, sempre que cumpran os demais requisitos esixidos para o seu recoñecemento. Nos supostos de nulidade, separación ou divorcio dos proxenitores, o beneficiario da prestación será aquel que teña a custodia dos fillos, de acordo co establecido no convenio regulador ou sentenza de separación ou divorcio.
2. Os adoptantes ou acolledores de nenos de ata 6 anos que obtivesen a resolución xudicial no ano 2017, sempre que cumpran os demais requisitos esixidos para o seu recoñecemento. Se os solicitantes fosen estranxeiros, poderán solicitar a axuda os que cumpran as condicións da Lei orgánica 4/2000, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España. En ningún caso poderán ser beneficiarios os proxenitores privados da patria potestade dos seus fillos, ou se a tutela ou garda fose asumida por unha institución pública.

### Cuarta. Requisitos para obter a subvención

- Ser español ou estranxeiro con residencia legal en España.
- Será requisito imprescindible para o recoñecemento da subvención que os beneficiarios residan no municipio con carácter definitivo e acreditado neste Concello (polo menos un dos dous proxenitores, no caso de familias monoparentais. Enténdese por familia monoparental a formada pola nai ou polo pai que convive co fillo ou filla e constitúe o sustentador único da familia e acreditarase mediante a documentación do xulgado sobre pensión de alimentos ou exercicio de accións legais para a obtención desta, sentenza de separación/divorcio, convenio regulador ou resolución de medidas paterno-filiais).
- Os beneficiarios deberán acharse ao corrente nas obrigas tributarias con Facenda do Estado, da Xunta de Galicia, coa Seguridade Social e co Concello de Monterrei, cuestión esta última que será comprobada de oficio.
- Que os nenos convivan co solicitante, e que o Concello de Monterrei sexa o primeiro empadramento.
- Que os ingresos brutos da unidade familiar non superen os 30.000 €.

### Quinta. Obrigas dos beneficiarios

Será requisito para o pagamento efectivo da axuda que as persoas beneficiarias se comprometan, mediante documento asinado para o efecto a continuar empadroadas no municipio durante polo menos un ano posterior ao nacemento, adopción ou acollemento.

Será documento acreditativo do cumprimento do disposto neste apartado o certificado de empadramento e convivencia da unidade familiar.

Os beneficiarios están obrigados a comunicarlle ao Concello calquera circunstancia que modifique as condicións para a obtención da subvención e a reintegrar a contía concedida cando se incumpra o compromiso adquirido pola súa obtención.

O réxime xurídico do reintegro de subvencións será o establecido no título II da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

### Sexta. Contía da subvención

Cada nacemento que teña lugar ou cada adopción que se formalice será obxecto dunha axuda de 300 €.

### Sétima. Prazo para solicitar a axuda

O prazo de presentación de solicitudes será durante o ano 2017 e xaneiro de 2018.

### Oitava. Documentación



# CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE  
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

A solicitude e a documentación presentarase nas oficinas municipais, sen prexuízo do disposto no artigo 16.4 da Lei 39/2016, de 26 de novembro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O impreso de solicitude (Anexo I) poderá obterse nas oficinas do Concello de Monterrei ou na páxina web municipal ([www.monterrei.es](http://www.monterrei.es)).

A solicitude de subvención irá subscrita por ambos os dous proxenitores (ou por un no caso de familias monoparentais), acompañada da seguinte documentación:

1. Fotocopia compulsada do DNI de todos os membros da unidade familiar maiores de idade.
  2. Fotocopia compulsada do libro de familia.
  3. Nos supostos de adopción ou acollemento, ou tutoría legal do menor, documentación compulsada acreditativa.
  4. Certificado de empadramento no que consten, no mesmo domicilio, a primeira alta dos recién nados ou a alta dos adoptados e a acreditación de que todos os demais membros da unidade familiar residían en Monterrei con anterioridade ao nacemento ou formalización da adopción.
  5. Certificación de atoparse ao corrente coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
  6. Fotocopia compulsada da declaración do IRPF de todos os membros da unidade familiar ou, de non ser o caso, certificado negativo de Facenda.
- Poderanse solicitar xustificantes económicos de todos os membros da unidade familiar, referidos ao período computable: nóminas, contratos de traballo, recibos de pensións, certificados de vida laboral, certificados negativos de pensións e prestacións, recibos de cotas de pagamento á Seguridade Social...ou calquera documentación que corresponda a cada caso e que xustifique a situación económica.
7. Certificado da conta bancaria na que se solicita o ingreso da axuda.
  8. Copia da sentenza de nulidade, separación ou divorcio e do convenio regulador, de ser o caso.
  9. Compromiso dos beneficiarios da axuda e do nado/a de permanecer empadroados no municipio durante polo menos un ano posterior ao nacemento, adopción ou acollemento.

## Novena. Exame das solicitudes

Unha vez revisadas as solicitudes, se non estivesen debidamente cubertas ou non se presentase a documentación solicitada polo Concello, requirirase ao interesado para que no prazo de 10 días emende a falta ou presente os documentos preceptivos, coa indicación de que, se así non o fixese, se entenderá que desiste da súa petición, logo da resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

## Décima. Resolución

Os expedientes serán avaliados polos Servizos Sociais, con base no establecido nesta norma, e posteriormente resoltos polo alcalde no prazo dun mes.

## Décimo primeira. Responsabilidades

Calquera falsidade que se detecte dará lugar ao non recoñecemento da axuda ou, no caso de tela percibido xa, á devolución desta cos xuros legais correspondentes, independentemente das responsabilidades administrativas, civís ou penais que se puidesen esixir.

## Disposición final.

Para o non previsto nesta bases estarase ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no Real



# CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE  
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións.

O alcalde

José Luis Suárez Martínez

